

Actividades Extraescolares



Índice

Introdución

Actividades
Artísticas e
Culturais

Actividades STEAM
Multidisciplinares

Idiomas

Información de
Interese

Introdución

O **Colexio San Pio X** ten, como un dos seus obxectivos principais, fomentar o desenvolvemento integral do seu alumnado. Para iso, pon a disposición das familias un programa de actividades extraescolares moi completo.

Esta formación complementaria, ademais de conseguir unha maior motivación para aproveitar as súas actitudes ao máximo, facilitaralle a consecución de habilidades que axudarano a afrontarse a un ambiente cada vez máis competente.

Para que as diferentes actividades propostas se leven a cabo, requírese un número mínimo de participantes. Ao mesmo tempo establecerase tamén un número máximo para cada unha.

O profesorado de cada actividade realizará dúas avaliacións anuais sobre o progreso do alumnado e informarán con detalle a cada familia. Ao rematar o curso, todos recibirán o informe final.

A inscrición, nas diferentes actividades, realizarase dende o 9 ata o 23 de setembro de 2024, a través da plataforma: www.activities.tokapp.net

Actividades Artísticas e Culturais



BAILE MODERNO

O **Baile Moderno** xoga un papel fundamental no desenvolvemento da expresión corporal e o oído musical do noso alumnado, ademais de servir para gozar dos mellores bailes das cancións máis escoitadas. Exodega conta con bos monitores e unha boa experiencia no ensino de grandes bailaríns

A quen?: **Educación Primaria.**

Cando?: **mércores, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **17 €/mes**



XADREZ

O Xadrez é unha disciplina intelectual empregada como excelente ferramenta educativa e formativa, que produce numerosos beneficios asociados á educación dos máis xóvenes, como desenvolver o cálculo, aumentar a concentración e a visión espacial, estimar a imaxinación, a creatividade e a intuición, adestrar a toma de decisións responsables; sen esquecerse de que tamén forma altamente en valores como a empatía, a xustiza, a paciencia e o respecto de quendas e tempos dos compañeiros/as.

A Escola de Xadrez Ourense conta cun equipo de monitores titulados cunha experiencia na docencia do xadrez.

A quen?: **Educación Primaria.**

Cando?: **venres, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **15 €/mes**

Actividades Artísticas e Culturais



PATINAXE

A patinaxe é un deporte moi completo e importante no desenvolvemento do equilibrio e da coordinación. Ademais favorece o oído musical e a expresión corporal. Alumnado máximo: 15

A quen?: **Educación Infantil e Primaria.**

Cando?: **venres, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **21 €/mes**



TEATRO

Nesta actividade, o alumnado non so poderá comprender o valor da posta en escena, senón que tamén comezarán a comunicarse mediante movementos e xestos corporais creando un clima entretido e divertido.

A quen?: **Educación Primaria.**

Cando?: **luns, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **17 €/mes**



PINTURA

Nesta actividade trabállase a aproximación á linguaxe do debuxo e a pintura, a través dun primeiro contacto cas técnicas e os materiais, a comprensión e desenvolvemento da actividade artística de cada idade, despertando a imaxinación a través dun traballo lúdico.

A quen?: **Educación Primaria.**

Cando?: **xoves, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **22€/mes (material incluído).**

Actividades STEAM multidisciplinares



Nesta actividade foméntase da forma máis divertida o uso da ciencia e a tecnoloxía. Tamén experimentan coa forza e o movemento, o equilibrio e a estabilidade mediante os recursos de LEGO® Education®, potenciando desta maneira a creatividade, innovación, emprendemento e a eficiencia. **Multimedia***

A quen?: **Educación Primaria.**

Cando?: **martes, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **25 €/mes**



Esta é a nova actividade de estimulación en desenvolvemento infantil que fomenta o gusto por aprender intuitivamente xogando tanto mental como fisicamente, estimulando simultaneamente múltiples intelixencias para desenvolver todo o potencial do alumnado. Actividade que conta con material de Lego Education® e emprégase a psicomotricidade e a intelixencia emocional. **Multimedia***

A quen?: **Educación Infantil.**

Cando?: **De luns a venres, de 15:30h a 16:30h.**

Mín/Máx: **10/12 alumnos.**

Importe: **46 €/mes**

***Multimedia:** contarán con dispositivos electrónicos ao dispor do alumnado durante as clases

Idiomas



INGLÉS

A Empresa Exodega oferta clases de inglés traballando o idioma mediante diversas actividades lúdicas como cancións, rimas, contos, manualidades e teatro. Trabállase a expresión oral, o vocabulario, a gramática, o oído, a lectura e a escritura sen seguir un libro. Tamén seguen o método de JOLLY PHONICS, unha fonética sintética onde se ensinan os 42 sons do inglés a través de cancións e movementos e o concepto de DRILLING (a repetición guiada de vocabulario e estruturas gramaticais).

A quen?: **Educación Primaria.**

Cando?: **1º, 2º e 3º
luns, de 15:30h a 16:30h.**

**4º, 5º e 6º
xoves, de 15:30h a 16:30h.**

Importe: **20 €/mes
(máis 15 €/ material).**

Información de interese

Inscripcións, dende o 9 ata o 23 de setembro, en www.activities.tokapp.net excepto xadrez e patinaxe, a través de formulario en www.colexiosanpiox.gal

O inicio das actividades será o 1 de outubro e rematarán o 30 de maio

As persoas de contacto en cada unha das empresas e actividades son:

- **Empresa EXODEGA:** Bright Minds, Robotix, Teatro, Pintura, Inglés e Baile Moderno. Daniel - 685 80 58 58.
- **Empresa Club Deportivo Xadrez Ourense:** Xadrez. 655 996 806
- **Empresa Roller Ourense:** Patinaxe. 988 00 64 34 - 613 53 57 59

Calendario



Outubro 24 - Maio 25



INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14:30	CLASES				
15:30	BRIGHT MINDS	BRIGHT MINDS	BRIGHT MINDS	BRIGHT MINDS	BRIGHT MINDS PATINAXE
16:30					



PRIMARIA

	LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14:30	CLASES				
15:30	INGLÉS 1º, 2º e 3º TEATRO	ROBOTIX	BAILE MODERNO	INGLÉS 4º, 5º e 6º PINTURA	PATINAXE XADREZ
16:30					

el

Empresas Colaboradoras



Club Deportivo Xadrez Ourense

